



## Boletín Informativo

Consellería de Educación e  
 Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n  
 15781  
 Santiago de Compostela

Correo: xsoie@edu.xunta.es

### ADMISIÓN DO ALUMNADO EN CENTROS DOCENTES SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS

No [DOG nº 54](#) do venres 16 de marzo sae publicado o Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes

sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.



### ORDE POLA QUE SE REGULA A ADMISIÓN DO ALUMNADO

Orde do 17 de marzo de 2007 pola que se regula o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educa-

ción primaria, educación secundaria e bacharelato en centros docentes sostidos con fondos públicos.

[DOG nº 55](#), do 19 de marzo de 2007.

### OBSERVATORIO ESTATAL DA CONVIVENCIA ESCOLAR

[Real decreto 275/2007](#) polo que se crea o Observatorio Estatal da Convivencia Escolar (BOE nº 64, do xoves 15 de marzo). É un órgano colexiado interministerial ao que lle corresponde asesorar e pro-

poñer medidas que axuden a fomentar actuacións de mellora do clima escolar e da convivencia nos centros educativos.



### PREMIOS Á COMPENSACIÓN DE DESIGUALDADES EN EDUCACIÓN

[Orde ECI/627/2007](#), do 27 de febreiro, pola que se convocan premios de carácter estatal dirixidos a centros docentes que desenvolvan accións para a compensación de desigualda-

des en educación. Habrá tres modalidades de participación e, en cada unha delas, un primeiro premio de 36.500€ un segundo de 24.250€ e un terceiro de 15.200€ O prazo de pre-

sentación será de corenta días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria.

#### Contido:

Admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos	1
Orde de admisión do alumnado	1
Observatorio Estatal da Convivencia Escolar	1
Premios á compensación de desigualdades en educación	1
Módulo profesional de FCT	2
Auxiliares de conversación	2
Premios a materiais educativos curriculares en soporte electrónico	2
Programa Déixao	2
Benvido á Primavera de Europa 2007	2
Aulas Europeas	2

### MÓDULO PROFESIONAL DE FCT

No DOG do xoves, 8 de marzo, sae publicada a Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traba-

llo da formación profesional inicial.

[Máis información](#)



**Portal Galego de Contidos Educativos**  
<http://www.edu.xunta.es/contidos>

**Plan Galego de Convivencia**  
<http://www.edu.xunta.es/convivencia>

**Polo Monte. Plan piloto 2007**  
<http://www.edu.xunta.es/polomonte>

**Rede de Centros Bilingües**  
[http://www.edu.xunta.es/contidos/rede\\_linguas](http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_linguas)

### AUXILIARES DE CONVERSACIÓN

Relación de centros propostos para dispoñer de auxiliares de conversación no curso 2007/2008.

[Relación de centros](#)



### PREMIOS A MATERIAIS EDUCATIVOS CURRICULARES EN SOPORTE ELECTRÓNICO

Convocatoria de premios a materiais educativos curriculares en soporte electrónico que poidan ser usados e difundidos en Internet. Está dirixida, entre outros, ao profesorado de educación infantil, primaria, ESO,

bacharelato e formación profesional. As bases (BOE nº 63, 14 de marzo de 2007) establecen un primeiro premio na modalidade B, de 44.000 € para o material dirixido a estimular a creación educativa dixital,

así como un premio especial de 7.320 € para o material que facilite a adquisición ou reforzo da competencia lectora. O prazo de presentación remata o 31 de agosto do 2007.

### PROGRAMA DÉIXAO

A Consellería de Sanidade está a desenvolver un programa de axuda ás persoas fumadoras no ámbito laboral. Déixao é un programa integral dirixido ao funcionariado, ao persoal sanitario e a todo o profesorado dos centros educativos de

Galicia. Estes colectivos foron seleccionados pola Organización Mundial da Saúde pola súa consideración de referente para a poboación.

[Acceso ao programa](#)



### BENVIDO Á PRIMAVERA DE EUROPA 2007

Primavera de Europa é un evento anual que naceu co fin de animar os mozos a debater, reflexionar, aprender e facer oír as súas voces sobre asuntos europeos. Baixo o lema "Xuntos desde 1957: As escolas

celebran Europa" e entre o 26 de marzo e o 30 de xuño, invítase a todos os centros educativos europeos a rexistrarse en [www.springday2007.net](http://www.springday2007.net). Os participantes beneficiaríanse dos servizos deste portal

onde tamén poderán publicar os traballos dos seus alumnos.



### AULAS EUROPEAS

O Ministerio de Educación e Ciencia convoca dous cursos, de inglés e francés respectivamente, para profesorado non especialista en linguas estranxeiras. A [orde ECI/559/2007](http://orde.ECI/559/2007) (BOE

nº 62, do 13 de marzo) establece que na primeira fase, celebrada en Madrid, impartiranse 60 horas de formación do 2 ao 13 de xullo, e que na segunda constará dun módulo de 40

horas desenvolvido do 16 ao 27 de xullo no Reino Unido e Francia respectivamente. O prazo de presentación de solicitudes remata o 2 de abril de 2007.